



## RESUMO DA PROGRAMACIÓN DA MATERIA

<b>Materia</b>	<b>Ámbito científico tecnolóxico IV</b>	<b>Curso</b>	<b>Módulo IV (ESA)</b>
<b>Profesor/a</b>	<b>Rebeca Fraga Paz</b>		

### CONTIDOS

<b>1. Números e álgebra</b>	Números irracionais. Representación na recta real. Intervalos. Potencias e radicais. Relación. Cálculo de porcentaxes, xuro simple e composto. Polinomios: raíces e factorización. Resolución de ecuacións de grado maior que dous. Fraccións alxébricas. Simplificación. Resolución de problemas usando ecuacións e sistemas.
<b>5. Orixe da vida</b>	Organización do universo e do sistema solar. Orixe e historia da Terra. Modelos que explican a estrutura e a composición da Terra. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Orixe da vida na Terra. Teorías de evolución dos seres vivos. O xacemento de Atapuerca.
<b>2. Xeometría</b>	Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de figuras e corpos semellantes. Resolución de problemas Medidas de ángulos. Razóns trigonométricas e relación entre elas. Relacións métricas nos triángulos.
<b>6. Célula</b>	A materia viva e a materia inerte, características e diferenzas. Niveis de organización da mt viva. As células. Tipos, estruturas e funcións. O ciclo celular. A división celular. A información xenética. Mutacións e relacións coa evolución. A enxeñería xenética.
<b>3. Funcións</b>	Interpretación dun fenómeno descrito mediante enunciado, táboa, gráfica ou expresión analítica. Estudo de modelos funcionais: lineal, cuadrático, proporcionalidade inversa, expon e logarítmica. Descrición das súas características usando linguaxe matemática apropiada. Aplicacións reais.
<b>7. Saúde</b>	Funcións vitais. Hábitos e estilos de vida saudables. Función de nutrición, de relación e de reprodución. Aparellos. Doenzas. O sistema inmune.
<b>4. Estatística</b>	Interpretación e análise das medidas de centralización e de dispersión. Azar e probabilidade, frecuencia dun suceso aleatorio. Cálculo de probabilidades. Regra de Laplace e diagramas de árbore sinxelos.
<b>8. Ecoloxía</b>	Dinámica do ecosistema. Ciclo da materia e fluxo de enerxía. Desequilibrios nos ecosistemas. Impacto da actividade humana. Os residuos e a súa xestión. Regra dos tres R. Uso das enerxía renovables. Consecuencias ambientais do consumo humano de enerxía.



## AVALIACIÓN E RECUPERACIÓNS

Realizaranse probas escritas dunha ou dúas unidades didácticas e realizaranse un ou varios traballos en cada unidade didáctica. Na avaliación terase en conta:

As probas escritas avalíanse facendo a nota media de todas.

A nota media pode subir ou baixar ata un 30% segundo a actitude en clase e o traballo realizado polo alumno.

A nota obtida despois de aplicar a porcentaxe, aproxímase a dúas cifras decimais deste xeito:

- Ata as 75 centésimas corresponde ao enteiro anterior
- Noutro caso ao enteiro seguinte.
- O alumno debe acadar unha cualificación igual ou maior que 4,75 para superar o ámbito.
- Noutro caso farase unha *recuperación/subida de nota*, que:
  - incluírá toda a materia do módulo.
  - en ningún caso baixará a primeira nota.

A maior das cualificacións obtidas entre a nota ponderada e esta *recuperación/subida de nota*, será a nota final do módulo.

Se o alumno non obtén un 4,75 ou mais, o alumno estará suspenso e no mes de setembro realizarase unha proba extraordinaria.

NOTA 1: Se o comportamento nun exame é non adecuado, incluído copiar, a nota dese exame será un cero.

\*\*\*\*\*

NOTA 2: No caso de atoparnos nun escenario de confinamento a materia seguirá impartíndose de xeito non presencial, a través das canles xa utilizadas: videoconferencias, Classroom, Aula virtual, correo electrónico...

Se o confinamento se prolongara no tempo, contemplaríanse os seguintes cambios na programación:

- A nota media da avaliación calcularíase facendo unha media entre a nota dos exames (ao 50%) e a dos traballos realizados e enviados ( ao 50%).
- Os exames non presenciais poderían ser a través da Aula virtual, utilizando ferramentas de videoconferencia, correo electrónico, ..., segundo se precise en cada proba.

O docente da materia avisaría ao alumando do cambio nos criterios de avaliación.

## MATERIAL OBRIGATORIO

- Caderno cuadriculado. Bolígrafo azul e/ou negro. Calculadora científica.
- Rexistro na Aula virtual
- Acceso a internet (moi recomendable)

.....CORTAR PORAQUÍ PARA ENTREGAR AO PROFESOR/A.....

O/a alumno/a:.....

Recibín a información que figura neste documento, referente aos contidos e a avaliación da materia:

Ámbito científico tecnolóxico da ESA Módulo IV, para o curso 2020/2021.

Asdo: .....